

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAXES PREVIAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA CATEGORIA OFICIALES DE 2ª PEÓNS (FORMACIÓN PROFESIONAL EN ACTIVIDADES AGROPECURIAS BÁSICAS, GANADERÍA, EXPLOTACIONES AGRARIAS OU FORMACIÓN EQUIVALENTE), PARA A EMPRESA PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.

Xenética Fontao, S.A. é unha sociedade mercantil pública autonómica, coa forma de sociedade anónima e cunha participación maioritaria no capital social da entidade pública instrumental adscrita á Consellería do Medio Rural e do Mar Fondo Galego de Garantía Agraria. Os estatutos da citada sociedade publicáronse mediante Resolución do 6 de outubro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A., autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de setembro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia, número 213, do 6 de novembro*).

Nos citados estatutos se establece que corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacións, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración Autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

En materia de persoal, a sociedade rexerese polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia, en concreto no seu artigo 110.c), que dispón que se poderán celebrar contratos laborais de duración determinada, previa convocatoria mediante anuncio público e designación dunha comisión de selección. Na contratación deberá terse presente ó disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Polo que, en virtude das facultades previstas nos Estatutos da sociedade, e dando cumprimento ao acordo do Consello de Administración da sociedade Xenética Fontao, S.A. de 21 de marzo de 2019, o presidente do Consello de Administración,

RESOLVE:

Convocar a apertura do prazo para inscrición na Listaxe para a contratación temporal de **Oficiales de 2ª Peóns (desempeño de actividades agropecurias básicas en ganadería, explotaciónes agrogandeiras ou equivalente)**, para a explotación Bovina de Xenética Fontao, S.A.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira.- Obxecto da convocatoria

O obxecto é a apertura dunha listaxe para a selección e contratación temporal por Xenética Fontao, S.A. de **Oficiais de 2ª Peóns (desempeño de actividades agropecurias básicas en ganadería, explotaciónes agrogandeiras ou equivalente)**, para a explotación Bovina de Xenética Fontao, S.A.

Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación

A presente convocatoria publicarase no D.O.G., axustándose no disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, á Lei 2/2015 do empregos público de Galicia (art. 58) e demais normativa concordante.

A dita contratación revestirá a modalidade contractual regulada na lexislación vixente que resulte de aplicación, particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores modificado polo Real Decreto Lei 10/2010, pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional sétima, pola Lei 14//2011 e o Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada laboral será de 37,5 horas semanais, que poderán desempeñarse en quendas de mañá e/ou tarde, fin de semana e festivos, en función das necesidades produtivas, procedementais e organizativas da empresa. O posto de traballo estará situado na sede dos Laboratorios de Xenética Fontao, S.A en Fontao - Esperante (27210 - Lugo).

Terceira.- Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A vixencia estimada dos contratos será dun MÁXIMO DE 3 ANOS dende a data da súa sinatura, ou ata a cobertura definitiva do posto de traballo mediante o correspondente proceso selectivo.

Para os/as candidatos/as seleccionados/as, unha vez formalizada a relación laboral establecerase un período de proba dun (1) mes, de conformidade co disposto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

Cuarta.- Tarefas a desempeñar

As actividades a desenvolver consistirán en:

- Realizar os traballos asignados propios da súa categoría profesional de acordo coa dirección e supervisión que lle corresponda realizar os mandos intermedios ou superiores da empresa en cada caso.
- Manejar equipos y maquinaria, siguiendo las especificaciones técnicas.
- Montar y mantener instalaciones agroganaderas dentro de las capacidades de su categoría.

- Preparar y realizar operaciones auxiliares de montaje, mantenimiento, limpieza y desinfección de infraestructuras para la protección de animales, cultivos y riego, instalaciones, maquinaria y equipos, según proceda, garantizando su funcionamiento e higiene.
- Preparar y manejar a los reproductores para la obtención de semen para inseminación artificial, para conseguir altos índices de gestación en relación a la especie.
- Cuidar a los animales enfermos y prestarles primeros auxilios en caso de traumatismos de poca relevancia, aplicando las medidas de bienestar animal en el manejo general y siguiendo los protocolos establecidos.
- Realizar operaciones de manejo y producción animal en explotaciones ganaderas, en especial de sementales bovinos, asegurando la rentabilidad, calidad, trazabilidad y bienestar animal.
- Cumplir las tareas propias de su categoría profesional con autonomía y responsabilidad, empleando criterios de calidad y eficiencia en el trabajo asignado y efectuándolo de forma individual o como miembro de un equipo.
- Asumir y cumplir las medidas de prevención de riesgos y seguridad laboral en la realización de las actividades laborales evitando daños personales, laborales y ambientales.
- Controlar la recepción de animales, comprobando su documentación de origen y su estado sanitario, bajo la supervisión de un facultativo veterinario.
- Gestionar el aprovisionamiento de materias primas y auxiliares.
- Colaborar en el desarrollo de programas sanitarios y asistir en la aplicación de tratamientos individuales o colectivos a animales, bajo la supervisión de un veterinario, siguiendo instrucciones y protocolos elaborados por dicho facultativo.
- En xeral a execución de calquera outra labor relacionada ca súa categoría profesional que lle poida ser encomendada de acordo coa dirección e supervisión que lle corresponda realizar os mandos intermedios ou superiores da empresa en cada caso.

Quinta.- Requisitos xerais

Os/as aspirantes deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos estado membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de

dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións descritas nestas bases. Acreditada mediante o correspondente certificado médico de APTO de acordo co posto de traballo a desempeñar.
- d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Sexta.- Requisitos específicos

Os/as aspirantes deberán acreditar estar en posesión dos seguintes requisitos:

- a) Titulación requirida: **Estudios primarios ou coñecementos equivalentes.**
- b) Coñecemento do idioma galego acreditado mediante os cursos de iniciación ou de perfeccionamento da lingua galega ou equivalentes debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba regúlase no anexo I destas bases.
- c) Estar en posesión do carné de conducir (B).
- d) Disponibilidade para desprazarse polo territorio nacional e o estranxeiro.

Sétima.- Solicitudes e prazo

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura no Anexo II destas bases, no prazo de dez (10) días naturais

contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio das mesmas no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes dirixiranse ó director-xerente de XF, e a súa presentación poderase facer:

-Nas oficinas de rexistro de XF, sitas en LG. FONTAO – ESPERANTE – 27210 LUGO, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

-Nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía Fax, ao número 982 284 626, acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega ó cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección).

O enderezo e teléfono que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

Oitava.- Documentación a presentar

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Currículo.
- c) Copia cotexada do título de galego.
- d) Copia cotexada dos estudos primarios ou equivalentes.
- e) Copia cotexada da titulación superior, si é o caso.
- f) Copia cotexada dos certificados ou diplomas dos cursos realizados relativos a produción ganadeira e/ou bienestar animal.
- g) Copia cotexada dos contratos de traballo.
- h) Copia cotexada dos documentos de adxudicación das bolsas de formación e/ou dos certificados das prácticas de formación relacionadas coa produción gandeira e/ou bienestar animal.
- i) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- j) Copia cotexada do carné de conducir (B).

Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos á data da publicación desta convocatoria.

Para os efectos da documentación requirida, admitirase aquela que sexa cotexada por as administracións públicas, organismos autónomos, universidades públicas, axencias estatais, polas

representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarse en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 982 284 391 (ext. 3013), en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Novena.- Procedemento de selección e elaboración da listaxe.

1.- Comisión de selección

A baremación das solicitudes efectuarase, de acordo coas Bases específicas, por unha comisión de selección presidida polo director-xerente de Xenética Fontao, S.A. e formada polas dúas direccións técnicas/xeferaturas de área e Xefe 1º de explotación, da empresa.

2.- Funcións da comisión de selección

Son funcións da comisión de selección:

- a) Avaliar a acreditación requirida e outorgarlles as cualificacións ós aspirantes segundo as normas da presente convocatoria.
- b) Formalizar mediante actas todo o proceso selectivo e o resultado final, que se remitirá ó órgano de contratación.
- c) Interpretar o contido destas bases e resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- d) Propor ó Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A. os candidatos/as que obtiveron maior puntuación a efectos de contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á comisión de selección de Xenética Fontao, S.A. con enderezo en Fontao - Esperante (27210 - Lugo).

Décima .- Proceso de selección- Baremación.

O proceso de selección desenvolverase en tres fases (puntuación máxima do proceso 90 puntos):

1ª fase: Baremo de méritos (máximo 50 puntos):

Se algún/algunha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgaráselle a máxima puntuación.

1. Formación (máximo 10 puntos):

A. Cualificacións obtidas en titulacións superiores os estudos primarios relacionadas coa produción gandeira e/ou bienestar animal (máximo 5 puntos), se é o caso so se valorará unha titulación superior:

- Aprobado/notable: 3 puntos
- Sobresaínte: 5 puntos

B. Cursos de formación realizados relacionados coa produción gandeira e/ou bienestar animal (máximo 5 puntos):

- Entre 8-20 horas: 1 puntos
- Entre 20-35 horas: 1,5 puntos
- Entre 35-50 horas: 2 puntos
- 50 ou máis horas: 2,5 puntos

2. Experiencia profesional (máximo 40 puntos)

A. Contratos desempeñando **actividades agropecuarias básicas, de ganadería, explotaciónes agrarias ou formación equivalente**, desenvolvendo actividades en explotacións gandeiras relativas a súa titulación (máximo 40 puntos): 1,5 puntos/mes.

Os contratos a tempo parcial computaranse segundo un criterio de proporcionalidade, de xeito que a puntuación equipararase a da xornada laboral de 40 horas/semanais (160 horas/mes).

B. Bolsas e prácticas de formación en **actividades agropecuarias básicas, de ganadería, explotaciónes agrarias ou formación equivalente** (máximo 15 puntos): 1 puntos/mes.

2ª fase.- Examen e entrevista persoal (máximo 50 puntos):

A terceira fase do proceso selectivo constará a súa vez de dúas partes:

1. Un examen práctico (máximo 40 puntos).
2. Unha entrevista persoal (máximo 10 puntos).

A súa duración totalconxunta non excederá de 1 hora e versará sobre as actividades a desenvolver no posto de traballo segundo as condicións establecidas no ANEXO III destas bases.

Á puntuación que obteñan os aspirantes nesta segunda fase sumarase á puntuación obtida na baremación de méritos da primeira fase, resultando elixidos os/as aspirantes que teñan a maior puntuación global.

Undécima.- Lista provisional e definitiva de admitidos

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a comisión de selección publicará na páxina web: (www.xeneticafontao.com) e no taboleiro de anuncios da empresa, a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e a súa puntuación.

Na lista constará, en todo caso, o nome e o número do documento de identidade ou documento equivalente, e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as e a súa puntuación. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión. Contra esta lista provisional poderase interpor reclamación no prazo de tres (3) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación.

Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, e nunca aportar nova documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará a lista definitiva de admitidos coas puntuacións respectivas no prazo de dous (2) días hábiles. A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita coa publicación da lista definitiva. A lista definitiva resultante terá unha vixencia de un ano dende a data da súa publicación, e poderá ser utilizada para a cobertura temporal de postos vacantes desta categoría que puideran producirse neste período.

Duodécima.- Criterios de desempate

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola Resolución da consellería de Facenda do 29 de xaneiro de 2015, DOG número 28, de 11 de febreiro, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma.

No caso de persistencia do empate unha vez aplicados os criterios anteriores, este resolverase mediante un sorteo entre os implicados.

Décimo terceira.- Resolución do proceso de contratación.

Os/As candidatos/as seleccionados deberán aceptar o rexeitar o posto no momento do chamamento que se efectuara mediante a convocatoria telefónica dos candidatos en función da súa puntuación, por orde de maior a menor puntuación. A notificación das ofertas de traballo

realizárase telefonicamente ó interesado/a, circunstancia que se intentará por dúas veces, cun intervalo mínimo de dúas horas, procurando deixar constancia de tales intentos.

Décimo cuarta.- Datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Os/As candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoos nas oficinas de XENÉTICA FONTAO, S.A. en Fontao - Esperante (27210 - Lugo), en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Décimo quinta .- Recursos

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A., nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Décimo sexta.- Órgano de contratación

Corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacións, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

Décimo sétima.- Disposición final

A participación neste proceso selectivo por parte dos/as candidatos/as supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Lugo, ____ de _____ de 2023,

O presidente do Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A.

Silvestre José Balseiros Guinarte

ANEXO I

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sexta da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola comisión de selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta
- As respostas en branco non puntúan
- As dobres respostas e as que non estean claras se considerarán incorrectas

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

O finaliza-lo exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respostas correctas do cuestionario, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios de XENÉTICA FONTAO, S.A. e na páxina web de XENÉTICA FONTAO, S.A..

A comisión de selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes.

Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAXES PREVIAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA CATEGORÍA OFICIALES DE 2ª PEÓN (FORMACIÓN PROFESIONAL EN ACTIVIDADES AGROPECURIAS BÁSICAS, GANADERÍA, EXPLOTACIONES AGRARIAS OU FORMACIÓN EQUIVALENTE, PARA A SOCIEDADE PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.

Apelidos:.....
Nome:..... NIF:.....
Enderezo:.....
Localidade:..... Provincia:.....
Código Postal:.....Teléfono:..... E-mail:.....
Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....
Nº de afiliación á Seguridade social:.....
Titulación

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao tratamento dos mesmos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- Copia cotexada do D.N.I
- Currículo
- Copia cotexada do título de Galego.
- Copia cotexada dos estudos básicos cursados.
- Copia cotexada da titulación superior, si é o caso.
- Copia cotexada dos certificados dos cursos realizados
- Copia cotexada dos contratos de traballo.
- Copia cotexada dos documentos de adjudicación das bolsas de formación e/ou dos certificados das prácticas de formación.
- Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- Copia cotexada do carné de conducir (categoría B).

Fago constar que a presente documentación consta de _____ folios, numerados correlativamente do 1 ao _____

Lugar e data:

Sinatura

Asdo:.....

II - MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ O EXAMÉ.

1. Proba de manexo de animais:

-Consistirá na suxección e conducción dun semental bovino de 14 meses dende os boxes de aloxamento a sala de saltos, e posterior ensaio ou obtención dun eiculado do semental.

2. Proba de manexo de maquinaria:

-Consistirá na demostración da capacidade do candidato para a conducción e uso das seguintes máquinas e ferramentas: TRASPALETA, TRACTORES, CARRO MEZCLADOR.

III - MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A ENTREVISTA .

- 1- Coñecementos de bienestar animal e manexo de Bovinos.
- 2- Coñecementos sobre alimentación e produccions gandeiras en xeral.
- 3- Coñecementos sobre maquinaria agraria.
- 4- Coñecementos de veterinaria
- 5- Outros temas relativos a súa titulación.